

NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro

2016

CSI-F
Estamos X ti



Orgulhoso
de ser docente



NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

ÍNDICE:

1. CAMPAÑA 'PONTE NA SÚA PEL'
2. PROXECTO CSIFAYUDA
3. LISTAXE DEFINITIVA DE CENTROS E PERSOAS COORDINADORAS E TITORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PRÁCTICUM CORRESPONDENTE AO MÁSTER EN PROFESORADO
4. RESOLUCIÓN DAS AXUDAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO QUE REALIZA FORMACIÓN PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABALLO
5. ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DAS AXUDAS PARA O INICIO DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS NO CURSO 2016/2017 NAS UNIVERSIDADES DO SUG
6. LISTAXES DEFINITIVAS NAS MODALIDADES DE GPC, GRC E REDES
7. MODIFICACIÓN PARCIAL, DAS AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL
8. VACANTES PROVISIONAIS DO CONCURSO DE TRASLADOS
9. PROXECTA
10. FORMACIÓN
11. BOLSAS DE TRABALLO
12. CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE ASESORES TÉCNICOS NO EXTERIOR
13. BOLSAS PROGRAMA ARGO
14. OPOSICIÓN ESCALA PROFESORES DE INVESTIGACIÓN DE ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN

NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016



25N | Ponte na súa pel

Súmate ao **#compromiso25N**
súmate á loita contra a violencia de xénero

compromiso • axuda • prevención • denuncia • máis recursos • pacto de estado

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

1. CAMPAÑA 'PONTE NA SÚA PEL'

LANZAMOS A CAMPAÑA 'PONTE NA SÚA PEL' PARA RECLAMAR UN PACTO DE ESTADO E SOCIAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI•F) e a CEP (Confederación Española de Policía) lanzamos a campaña 'Ponte na súa pel' para visualizar e revitalizar o compromiso de loita contra a violencia de xénero mediante un pacto de estado e social renovado, de ámbito nacional pero tamén autonómico.



Temos que lembrar que Galicia foi en 2015 a terceira comunidade con máis vítimas mortais, o que fai necesario que, unha vez configurados os novos goberno en España e Galicia, se volva a pór no centro do debate e das prioridades políticas a loita contra esta secuela social.

Desde CSI•F facemos un chamamento aos empregados públicos para que se somen a esta campaña a través das redes sociais con hastag #Compromiso25N, subindo fotos até o 25 deste mes, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, co cartel 'Ponte na túa pel'.

- O cartel se pode encontrar e descargar [aquí](#).
- Coñece o noso **manifesto 25N**.

2. PROXECTO CSIFAYUDA

CSI•F OFRECERÁ APOIO XURÍDICO, SOCIAL E PSICOLÓXICO PARA CUBRIR O BALEIRO ASISTENCIAL DA ADMINISTRACIÓN



CSIFayuda. Un equipo de expertos atenderá os casos de mobbing, acoso sexual, violencia e adiccións nas administracións públicas

A Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI•F), sindicato máis representativo nas administracións públicas e con presenza crecente no sector privado, puxo en marcha un proxecto de prevención laboral *CSIFayuda* dirixido a atender os casos de mobbing, acoso sexual, situacións de violencia e adiccións no sector público.

A través desta iniciativa, CSI•F pretende cubrir o baleiro asistencial que existe na Administración ante este tipo de situacións en colaboración con expertos de asociacións con traxectoria neste ámbito como ANAMIB (Asociación de Axuda por Acoso Moral no Traballo), PRIDICAM (Mobbing Madrid), ou Proxecto Home, esta última para abordar casos de adiccións.

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

O proxecto *CSIFayuda* ofrecerá apoio xurídico, psicosocial e psicolóxico a través da rede de delegados sindicais cos que conta CSI•F a nivel nacional no conxunto das nosas administracións públicas e, de maneira específica, a través da web do sindicato www.csif.es e o mail csifayuda@csi-f.es. Así mesmo organizaranse talleres de formación nos diferentes ámbitos, dirixidos a delegados sindicais e de prevención.

Unha vez a persoa contacta con *CSIFayuda* ben a través da web ou por correo a csifayuda@csi-f.es, prodúcese unha resposta automática polo sistema que alerta ás responsables de *CSIFayuda*, que se poñerán en contacto co traballador afectado ofrecéndolle unha axuda máis especializada en función da problemática que corresponda.

No caso de que a persoa requira servizo xurídico e unha vez asesorada, decidirá voluntariamente a posibilidade de interpoñer denuncia ou non. No caso de que a decisión sexa afirmativa, a asesoría correspondente en canto a ámbito de competencias, iniciará procedemento, co consecuente rexistro de casos.

3. LISTAXE DEFINITIVA DE CENTROS E PERSOAS COORDINADORAS E TITORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PRÁCTICUM CORRESPONDENTE AO MÁSTER EN PROFESORADO



LISTAXE DEFINITIVA DE CENTROS E PERSOAS COORDINADORAS E TITORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PRÁCTICUM CORRESPONDENTE AO MÁSTER EN PROFESORADO DE ESO, BACHARELATO, FP E ENSEÑANZAS DE IDIOMAS, PARA O CURSO 2016/2017

Listaxe definitiva de centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en profesorado de eso, bacharelato, FP e ensinanzas de idiomas, para o curso 2016/2017

[Para máis información preme aquí:](#)

4. RESOLUCIÓN DAS AXUDAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO QUE REALIZA FORMACIÓN PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABALLO



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN DAS AXUDAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO QUE REALIZA FORMACIÓN PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABALLO

Orde do 4 de novembro de 2016 pola que se fai pública a resolución das axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo, convocadas pola Orde do 28 de abril de 2016.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

5. ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DAS AXUDAS PARA O INICIO DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS NO CURSO 2016/2017 NAS UNIVERSIDADES DO SUG

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DAS AXUDAS PARA O INICIO DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS NO CURSO 2016/2017 NAS UNIVERSIDADES DO SUG

AXUDAS

Prazo presentación da documentación do 17 ao 28 de novembro de 2016

[Para máis información preme aquí:](#)

6. LISTAXES DEFINITIVAS NAS MODALIDADES DE GPC, GRC E REDES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DA CONVOCATORIA DE CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE 2016, NAS MODALIDADES DE GPC, GRC E REDES

[Para máis información preme aquí:](#)

7. MODIFICACIÓN PARCIAL, DAS AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOCTORAL

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

·axudas·

MODIFICACIÓN PARCIAL DA RESOLUCIÓN DO 14 DE XULLO DE 2016 POLA QUE SE ADXUDICAN AS AXUDAS DO ANEXO II, MODALIDADE B, DAS AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOCTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, ORGANISMOS DE INVESTIGACIÓN E ENTIDADES DO SISTEMA DE I+D+I

Achégase a Resolución do 11 de novembro de 2016 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 14 de xullo de 2016 pola que se adxudican as axudas do anexo II, modalidade B, da Orde do 18 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoctoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

8. VACANTES PROVISIONAIS DO CONCURSO DE TRASLADOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



VACANTES PROVISIONAIS DO CONCURSO DE TRASLADOS PARA O PROFESORADO DOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS, PES, PT, EOI, EAA E OA, CMUS, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN PARA O ANO 2017

Resolución do 8 de novembro pola que se publican as vacantes provisionais do concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación para o ano 2017.

[Para máis información preme aquí:](#)

9. PROXECTA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DOS PROXECTOS ADMITIDOS PARA A SÚA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA DURANTE O CURSO 2016/2017

Relación de centros admitidos para a participación nos distintos programas educativos durante o curso 2016/17.

Segundo o disposto no Artigo 10.2 da Resolución do 6 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2016/17, **os centros dispoñen dun prazo de 10 días naturais** para efectuar reclamacións ou renuncias.

Pódense adiantar estas reclamacións ou renuncias a través do correo electrónico planproxecta@edu.xunta.es



[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

10. FORMACIÓN

CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓN

CURSOS HOMOLOGADOS UNIVERSIDADE

CSI-F ofrécete unha nova oferta en cursos homologados on-line, dirixidos a opositores, funcionarios e interinos docentes, cos que podes completar a túa formación docente.

Cursos HOMOLOGADOS cunha duración de 101 horas e de 31 horas.



CURSOS DIRIXIDOS A TODOS OS NIVEIS EDUCATIVOS.

Completamente on-line. 24 horas, 7 días á semana.

Materiais actualizados.

Avaliación aplicada á práctica docente.

Relación directa cos titores.

Duración dos cursos adaptada á normativa das distintas Comunidades Autónomas.



Certificación en 30 días.

VÁLIDOS E PUNTUABLES como mérito en listas de interinos, bolsas de traballo e oposicións das distintas Comunidades Autónomas (segundo convocatoria de cada CC.AA., baseado en apartado III Outros Méritos do Anexo I do R.D. 276/2007).

CONVOCATORIAS MENSUAIS

Accede a toda a [INFORMACIÓN](#) sobre as convocatorias

NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

11. BOLSAS DE TRABALLO

RIOXA

ESPECIALIDAD/ES CONVOCADA/S:

PTFP: Mecanizado e Mantemento de Máquinas

[Para máis información preme aquí:](#)

Data límite: 02-12-2016

12. CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE ASESORES TÉCNICOS NO EXTERIOR

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

Resolución de 14 de noviembre de 2016, de la Subsecretaría, por la que se convoca concurso para la provisión de puestos de asesores técnicos en el exterior.



El Real Decreto 1138/2002, de 31 de octubre, por el que se regula la Administración del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte en exterior («Boletín Oficial del Estado» de 1 de noviembre) determina el régimen de los asesores técnicos destinados en Consejerías o Agregadurías de Educación en el exterior y regula el procedimiento de selección de dicho personal.

La Orden ECD/531/2003, de 10 de marzo, modificada por las Ordenes EDU/2191/2011, de 29 de julio y ECD/1926/2014, de 13 de octubre, establece el procedimiento para la provisión por funcionarios docentes de las vacantes de asesores técnicos en el exterior.

Con el fin de desarrollar la acción educativa española en el exterior en lo relativo a la promoción y programas de apoyo a las enseñanzas del español, en el marco más amplio de la proyección de la cultura y de la lengua españolas es necesario proceder a la provisión de las vacantes de asesores técnicos a los que se refiere el artículo 10 del Real Decreto 1138/2002, por funcionarios de carrera de los Cuerpos de Catedráticos y Profesores de Enseñanza Secundaria y de Catedráticos y Profesores de Escuelas Oficiales de Idiomas, en régimen de adscripción temporal.

De conformidad con la disposición adicional octava, punto 5, de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, modificada por la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la Mejora de la Calidad Educativa, los funcionarios de los Cuerpos de Catedráticos de Enseñanza Secundaria y de Escuelas Oficiales de Idiomas participarán en este concurso de provisión de puestos conjuntamente con los funcionarios de los cuerpos de profesores de los niveles correspondientes, a las mismas vacantes, sin perjuicio de los méritos específicos que les sean de aplicación por su pertenencia a los mencionados cuerpos de catedráticos.

Por todo lo anteriormente expuesto, de acuerdo con lo establecido en la legislación mencionada y para poder proveer las vacantes que se especifican en el anexo I, esta Subsecretaría ha resuelto convocar el presente concurso público de méritos, que se ajustará a las siguientes Bases.

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

Requisitos.

Podrán solicitar estos puestos los funcionarios de carrera pertenecientes a los cuerpos docentes que se especifican en el Anexo I, cualquiera que sea la Administración educativa de la que dependan, siempre que reúnan los siguientes requisitos:

A) Requisitos generales de participación.

1. Contar con una antigüedad mínima de tres años como funcionario de carrera en activo en el respectivo cuerpo docente desde el que se participe en el concurso, computados hasta la fecha de conclusión del plazo de presentación de instancias. A los efectos del cómputo del periodo mínimo antes señalado, se tendrá en cuenta el tiempo que los Catedráticos de Enseñanza Secundaria o de Escuelas Oficiales de Idiomas hayan prestado como funcionarios de carrera de sus respectivos cuerpos de profesores.

2. Hallarse en situación de servicio activo en el cuerpo al que correspondan los puestos solicitados y ser titular de las especialidades requeridas para esos puestos.

3. Haber prestado servicios durante tres cursos académicos completos en España como funcionario del cuerpo desde el que se participa, contados desde la fecha de cese en el exterior hasta la finalización del curso escolar en que se publica esta convocatoria, en los siguientes supuestos:

3.1 Docentes que hubieran estado destinados en el exterior por concurso público de méritos.

3.2 Docentes que hubieran ocupando puestos de libre designación en la administración educativa en el exterior.

3.3 Docentes que hubieran ocupado puestos convocados directamente por las Escuelas Europeas para cualquiera de sus sedes.

3.4 Docentes que hubieran agotado el tiempo máximo de permanencia en el exterior en régimen de comisión de servicios de manera ininterrumpida.

Cuando el cese de los funcionarios a los que se refieren los apartados 3.1 y 3.4 anteriores se realice en puestos de asesores en Australia o Nueva Zelanda, se tomará como fecha de referencia para el inicio del cómputo la fecha de finalización del curso inmediatamente anterior en España.

3. Estos requisitos generales deberán reunirse en la fecha de finalización del plazo de presentación de solicitudes y mantenerse durante todo el procedimiento hasta la resolución definitiva del concurso.

B) Requisito específico.

Poseer el nivel del idioma o de uno de los idiomas que para cada puesto se determina en el Anexo I de esta convocatoria.

Este requisito deberá acreditarse por cualquiera de las documentaciones justificativas indicadas en la Base Segunda, apartado 2.3 d) de esta convocatoria.

Segunda. Plazo y forma de presentación de las solicitudes de participación y documentación.

El plazo de presentación será de quince días hábiles, que comenzarán a computarse el día 25 de noviembre de 2016.

[Para más información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

13. BOLSAS PROGRAMA ARGO

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

630 BOLSAS DE MOBILIDADE DO PROGRAMA ARGO



BECAS ARGO
2014-2017

ARGO é un programa de mobilidade promovido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, cuxo obxectivo é impulsar a formación complementaria dos titulados de todas as universidades españolas a través da realización de prácticas en empresas no estranxeiro.

O prazo de solicitude para acceder a unha axuda ARGO está aberto ata o 31 de setembro de 2017.

Ao longo da convocatoria vanse conceder un total de 630 axudas para realizar 330 prácticas en empresas europeas, 180 en EE.UU. e Canadá, 120 en empresas españolas ou multinacionais con sede en Asia ou Oceanía.

Os requisitos de participación no programa son os seguintes:

Ser titulado universitario, menor de 35 anos, con residencia legal en España e obter nos 3 últimos anos unha titulación oficial nunha universidade española.

Estar en disposición no momento da presentación da solicitude, dunha das seguintes titulaciones oficiais: Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Enxeñeiro técnico, Arquitecto técnico, Diplomado, Graduado ou Máster Universitario e demostrar coñecementos do idioma de traballo solicitado pola empresa.

Cumprir cos requisitos de entrada e estancia, esixidos nos países de destino previamente ao seu incorporación.

Ter coñecemento demostrable nunha lingua estranxeira.

Incompatibilidades. Non poderán participar nesta convocatoria:

Quen sexan beneficiarios con anterioridade dunha axuda de Mobilidade (Argo, Faro, Integrants, Leonardo da Vinci), ou calquera outra axuda financiada por Ministerio de Educación, Cultura e Deporte co mesmo obxecto ou finalidade.

Os titulados de Máster ou outro tipo de estudos de posgrao que non obteñan o título previo a estes estudos nunha universidade española.

Os titulados doutro tipo de Ensinos Superiores como son as impartidas nos Conservatorios Superiores de Música ou as Escolas de Artes, os denominados títulos propios ou títulos universitarios ou homologacións de títulos obtidos noutros países.

O programa ARGO ten unha duración de tres anos e vaise a desenvolver entre 2014 e 2017. A duración estándar de todas as axudas é de 6 meses iniciándose o día 1 ou 15 de cada mes.

As estancias de formación realízanse en empresas pertencentes aos seguintes países:

Europa: Albania, Alemania, Andorra, Austria, Bielorrusia, Bélxica, Bosníaca-Herzegovina, Bulgaria, Chipre, Cidade do Vaticano, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estoniana, Finlandia, Francia, Georgia, Grecia, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Macedonia, Maldivas, Malta, Mónaco, Moldavia, Montenegro, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Rumania, San Mariño, Serbia, Suecia, Suiza, Turquía, Ucraína. EE.UU.

NOVAS DE ENSINO



Do 11 ao 21 de novembro de 2016

Canadá

Empresas españolas ou multinacionais con sede en Asia: Afganistán, Arabia Saudita, Armenia, Azerbaiyán, Bangladesh, Birmania, Brunei, Bután, Camboya, China, Corea, Emiratos Árabes Unidos, Filipinas, India, Indonesia, Irak, Irán, Israel, Xapón, Jordania, Kazaxistán, Kirguizistán, Kuwait, Laos, Líbano, Malasia, Mongolia, Nepal, Omán, Pakistán, Qatar, Rusia, Singapur, Siria, Sri Lanka, Tailandia, Taiwán, Tayikistán, Timor Oriental, Turkmenistán, Uzbekistán, Vietnam, Yemen.

Empresas españolas ou multinacionais con sede en Oceanía

[Para máis información preme aquí](#)

14. OPOSICIÓN ESCALA PROFESORES DE INVESTIGACIÓN DE ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN



MINISTERIO DE ECONOMÍA Y COMPETITIVIDAD.

OPOSICIÓN ESCALA PROFESORES DE INVESTIGACIÓN DE ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN

Proceso selectivo para cubrir 10 plazas de la Escala de Profesores de Investigación de los Organismos Públicos de Investigación, por el sistema general de acceso libre.

Del total de estas plazas se reservará 1 plaza, para quienes tengan la condición legal de personas con discapacidad con un grado de discapacidad igual o superior al 33%.

La plaza que se convoca por el cupo de reserva para personas con discapacidad corresponde al Instituto

Nacional de Técnica Aeroespacial "Esteban Terradas" (INTA) y quienes participen en el proceso selectivo por este cupo, podrán concurrir por el perfil indicado para la plaza convocada para dicho Organismo por el turno general.

Requisitos

Para la admisión a la realización del proceso selectivo las personas solicitantes deberán poseer, en el día de finalización del plazo de presentación de solicitudes, los siguientes requisitos, entre otros:

Nacionalidad: Tener la nacionalidad española. Ser nacional de los Estados miembros de la Unión Europea.

Titulación: Estar en posesión o en condiciones de obtener el título de Doctor. Se entenderá que un aspirante está en condiciones de obtener el título de doctor cuando hubiera resultado aprobado para dicho grado tras la lectura de la correspondiente tesis doctoral. Los aspirantes con titulaciones obtenidas en el extranjero deberán acreditar que están en posesión del correspondiente certificado de equivalencia o de la credencial que acredite, en su caso, su homologación.

Prazo: 14/11/2016 al 13/12/2016

[Para máis información preme aquí:](#)


• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



DEFENDENDO O PÚBLICO



NOVAS DE ENSINO

ENLACES DE INTERESE:

[CSIF Nacional Enseñanza](#)

[CSIF Galicia Ensino](#)

[Blog Ensino Pontevedra](#)

[Herald Toupeiras](#)

